

*ELES TAMÉN LEMBRAN.....*

**Persoa entrevistada:** Home de 77 anos

- **Como viviu os anos da posguerra? Cre que as mulleres a viviron de igual modo?**

Nos anos da posguerra pasei moita fame. As mulleres non o viviron igual porque daquela non mandaban nada.

- **Dentro da súa propia casa ou familia xogaban o mesmo papel homes e mulleres?**

Non, porque por exemplo os homes non se ocupaban das tarefas do fogar, iso era todo labor das mulleres.

- **No tema da educación estudaban o mesmo? Xogaban as mesmas cousas? Mesturábanse os nenos e as nenas?**

Estudar si que estudaban o mesmo pero á hora de xogar non xogaban ao mesmo nin se mesturaban nenos e nenas.

- **Desde o punto de vista relixioso había diferenzas entre homes e mulleres?**

Non, neste caso para todos era de igual modo.

- **No mundo laboral era igual ser home que muller?**

No campo iso si que daba igual, homes e mulleres realizaban as mesmas tarefas pero no caso das cidades non era así, os labores eran distintos para homes que para mulleres, por exemplo as mulleres non traballaban en bancos, na construción...

- **No traballo que exerceu vostede durante a súa vida laboral, había mulleres?**

## A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

---

Non, eu dedicábame á construción e nese ámbito como xa dixeran anteriormente non había mulleres.

- **O papel da muller a medida que vostede foise facendo maior, cre que cambiou dalgunha maneira?**

Si, as mulleres antes non podían ir ao banco, dar a súa opinión sobre algo...todas esas cousas eran labores de homes. Na actualidade non é así, agora as mulleres loitan polos seus dereitos e gozan de moita liberdade que antes non tiñan.

- **Coñeceu algún caso de represión por cuestións ideolóxicas?**

Si, os meus avós que os levaron a un concello e pegáronlles.

- **Como se sentía no momento da posguerra?**

Nese momento sentía moita desconfianza e medo.

- **Que lle chama a atención na actualidade con respecto ao papel que ten a muller en relación ao que tiña cando era neno?**

Que agora mesmo as mulleres teñen moitos máis dereitos que os homes e seguen loitando por eles.

Andrea Fernández